

CERTAME DE NARRACIÓN E DEBUXO INFANTIL

LETRAS GALEGAS 2026

- CONVOCATORIA LOCAL -

A BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DE BARREIROS convoca o CERTAME DE NARRACIÓN E DEBUXO INFANTIL LETRAS GALEGAS 2026 (Fase Local), de acordo coas seguintes bases:

1.- Poden participar todas as nenas e nenos con:

- A) **NARRACIÓNS EN GALEGO**, cunha extensión máxima de 1 folio por unha soa cara.
- B) **DEBUXOS**, feitos sobre papel ou cartolina tamaño DIN A4.

O tema proposto a continuación é o mesmo tanto para narración como para debuxo:

“Medrar lendo”

Ao largo da vida, hai momentos que nos cambian: cando aprendemos a ler as nosas primeiras palabras, cando descubrimos un conto que nos fai rir sen parar ou cando atopamos unha historia que parece falarnos directamente ao corazón.

Invítámoste a recordar e contar eses instantes especiais nos que os libros foron os teus compañeiros, axudándote a entender o mundo, a sentirte acompañado e a imaxinar novos camiños.

2.- Cada autor pode presentar cantos traballos desexe, mecanografiados, escritos a computador ou a man; neste último caso sempre a bolígrafo e nunca a lapis. Con cada traballo, acompañarase unha folla co nome e demais datos do autor en LETRA MAIÚSCULA.

3.- Establecense 3 categorías:

CATEGORÍA A: ata 8 anos / CATEGORÍA B: de 9 a 11 anos / CATEGORÍA C: de 12 a 16 anos

4.- O prazo de presentación dos traballos rematará o vindeiro **15 de maio**, debendo de ser entregados na BIBLIOTECA MUNICIPAL ou nos COLEXIOS DO CONCELLO.

5.- O xurado, formado por persoas entendidas na materia, seleccionará por cada modalidade e categoría un máximo de tres traballos.

6.- Os traballos premiados nesta fase local participarán na fase provincial do Certame, convocada pola Biblioteca Pública de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia.

7.- Os traballos premiados pasarán a ser propiedade da Biblioteca Pública que se reserva o dereito de publicación dos mesmos.

8.- Toda as incidencias non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado.

9.- A presentación das obras a este Certame supón a aceptación das presentes bases.

